2/81

F

JURADO PROVINCIAL

DE

MONTES VECINALES EN MANO COMUN

L U G O

En la Ciudad de Lugo, a 21 de Febrero de 1.983, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación como tal del denominado "PENA BOA", a tenor de la siguiente Resolución:

"Visto en el dia de la fecha el expediente de clasificación del monte "PENA BOA", expediente 2/81, ubicado en el término municipal de Carballedo, promovido a instancias de la Administración Forestal y

RESULTANDO: Que el 23 de Marzo de 1.980, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "PENA BOA", designando como Instructor al Vocal D. Manuel Martinez Garrido,

RESULTANDO: Que el 24 de Abril de 1.981, se dictó Providencia por la que se daba comienzo al expediente 2/81, poniendo por cabeza del mismo copia del Acuerdo del Jurado Provincial y la documentación presentada,

RESULTANDO: Que el 24 de Abril de 1.981, en relación con el monte "PENA BOA", se dictó providencia para que se requiriese al Ayuntamiento de Carballedo para que remitiese:

a) Certificación de su posible inscripción en el Registro de la Propiedad,

b) Certificación de su posible inclusión en el Inventario de Bienes Municipales y

c) Certificación de su posible Consorcio, con la Administración Forestal, para su repoblación,

RESULTANDO: Que el 24 de Abril de 1.981, se acordó recabar del ICONA Certificación relativa a si el monte "PENA BOA" figura en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 24 de Abril de 1.981, se remitió Edicto al Ayuntamiento de Carballedo poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses,

RESULTANDO: Que el 13 de Mayo de 1.981, se recibió Certificación del ICONA indicando que el monte no figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 18 de Noviembre de 1.982, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Carballedo, dando cuenta que el monte:

a) no se incluye en el Inventario de Bienes Municipales,

b) no consta que esté inscrito en el Registro de la Propiedad y

c) está Consorciado con la Administración, para su repoblación,

RESULTANDO: Que el 18 de Noviembre de 1.982, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Carballedo relativa a que el Edicto estuvo expuesto al público durante el plazo de 15 dias, sin que se hubieran presentado reclamaciones,

RESULTANDO: Que durante la tramitación del expediente no se recibió reclamación alguna,

RESULTANDO: Que en el expediente de investigación previa, se afirma que el monte "PENA BOA", de procedencia foral, permanece indiviso y sujeto a aprovechamientos vecinales mancomunados,

RESULTANDO: Que de la Propuesta del Vocal Instructor, se desprende que el monte "PENA BOA" viene siendo aprovechado por los vecinos de Pena Boa de forma mancomunada e indivisa, por su condición de tales, concluyendo que por ello reviste el caracter de vecinal en mano común,

RESULTANDO: Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establece la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y su Reglamento, así como la Ley de Procedimiento Administrativo,

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación,

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello,

este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas y conforme con la Propuesta del Vocal Instructor, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común, el monte de las siguientes características:

Nombre: "PENA BOA".
Superficie: 40 Hás.
Comunidad Propietaria: Vecinos de Pena Boa.
Parroquia: Furco.
Término municipal: Carballedo.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 30.a del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común."

1.- DATOS GENERALES

1.1.- SITUACION

El monte "PENA BOA" está situado en la parte Noroeste del término municipal de Carballedo, lindando con el de Chantada y con la provincia de Pontevedra. Dista unos 15 Kms. de la capitalidad del municipio.

1.2.- SUPERFICIE Y LIMITES

La superficie del monte según plano es de 40 Há.

Los limites son los siguientes:

N.- Término municipal de Chantada

E.- Rego de Magüeiros, Cruz de Orbán, monte de Vecinos de Pena Boa.

S.- Camino de Couso a Matanza.

O.- Provincia de Pontevedra.

1.3.- ESTADO NATURAL

El monte forma parte de las estribaciones meridionales de la sierra del Faro, de 1.177 m. de altitud. Esta sierra de dirección Norte - Sur se continua por los montes PENAS - GRANDES y ALLEDO hasta enlazar con la sierra de Martiñá, ya en la provincia de Orense.

Las pendientes son de tipo medio. La orientación dominante es la Sureste. Altitudes extremas: 980 y 1.062 m.

Las aguas que se originan en el monte van a parar al rio Comezo que mas abajo se une al Bermún, formando el rio Asma, afluente del Miño en las proximidades de Chantada.

Los suelos son frecuentemente del tipo "RanKer" con un horizonte superior de humus ácido (pH 5 - 5,5) que descanda directamente sobre la roca madre granitica.

1.4.- ESTADO FORESTAL.

El monte está cubierto con un repoblado de Pinus sylvestris de 4 años de edad,

Las especies de matorral mas frecuentes son — Erica australis, Ulex europaeus y Chancespartium tridentatum.

PROVINCIA DE LUGO

TERMINO DE CARBALLEDO

ESCALA 1:50.000

PLANO DEL MONTE PENA BOA

AYUNTAMIENTO DE CARBALLEDO



Lugo.-
EL INGENIERO

ESCALA 1:10.000

SUPERFICIE 40 Has

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do catorce de decembro de dous mil once, figura o acordo seguinte:

<< 3. Varios:

I) Monte **PENABOA** (expediente 2/81), pertencente aos veciños do lugar de **PENABOA**, da parroquia de **FURCO**, no termo municipal de **CARBALLEDO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 21 de febreiro de 1983 e Monte **FARO DE ESMERIZ** (expediente 27/80), pertencente aos veciños da parroquia de **ESMERIZ**, no termo municipal de **CHANTADA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 5 de decembro de 1980. Comprobada por persoal técnico do Servizo de Montes, a existencia dunha superposición dunha parcela nos croquis que constan nos dous expedientes de clasificación, correspondentes aos montes de **Penaboa e Faro de Esmeriz** (parcela catastral 97-363), na reunión celebrada polo Xurado con data 23 de xuño de 2010, acordouse, por unanimidade, proceder á revisión de oficio do expediente 2/81, mediante a tramitación do oportuno procedemento de acordo co establecido nos artigos 62. 1 c) e f), e 102 da Lei 30/1992 de Procedemento administrativo. Realizada a tramitación do mesmo, con data 19 de maio de 2011, o secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, por delegación do conselleiro, ditou **resolución** pola que se acorda **declarar a nulidade de pleno dereito** da resolución de clasificación do monte veciñal en man común de **PENABOA**, polo que respecta á parcela previamente declarada para a comunidade de ESMERIZ, sendo devolto o expediente a esta Xefatura Territorial, con data 27 de xuño de 2011, unha vez finalizada a súa tramitación. O Xurado, por unanimidade, ACORDA, axustar o expediente 2/81 ao anterior pronunciamento dando traslado deste acordo ao Servizo de Montes, para a adaptación da planimetría.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión ao **Servicio de Montes**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a dous de xaneiro de dous mil doce.

Vº e Pr.
O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,

Ramón Carballo Páez.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Servizo de Montes

galicia

Escala : 1:25000

Resolución de 19 de maio 2011, do secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural. Pola que se declara a nulidade de pleno dereito da resolución de clasificación do m.v.m.c de Penaboa.

M.V.M.C PENABOA (EXP.2/81)

O ENXEÑEIRO DE MONTES:

Asdo: Fernando Rengifo Méndez-Núñez

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 2/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:
D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:
D. Ramón Rozadillas Valverde
D. Luis A. Casais Fernández
D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:
Dna. Lucía Belver Quiroga

Representantes pola comunidade:
D. José Luis Gómez
D. Victoria Fernández *(non asiste)*

Na cidade de Lugo, o día 30 de novembro de 2015, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:** Visto no día da data o expediente número 2/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE PENABOA (AMPLIACION)**, no concello de **CARBALLEDO**, iniciado por acordo do Xurado do 26 de febreiro de 2015, sendo vogal instrutor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (6-4-2015), iníciase o expediente **2/2015 (a instancia de José Luis Gómez Fernández, como representante da comunidade de Penaboa)** e ponse, como encabezamento, a certificación da **acta** da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: O día 17-4-2015 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do medio Rural e do Mar, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 20-4-2015 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, no que consta que o monte **PENABOA (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 29-4-2015 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Chantada:**

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 25-5-2015 o rexistro da propiedade de Chantada, comunica que non hai coincidencias coas referencias catastrais aportadas nin co nome de Penaboa nin de monte Queimado.

SEXTO: O día 15-6-2015 comunícaselle ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: O día 15-6-2015 comunícaselle ao **Concello de Carballedo** a iniciación do expediente e envíase un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 15-6-2015 comunícase a iniciación do expediente a **José Luis Gómez Fernández**, como solicitante da clasificación.

NOVENO: O día 15-6-2015 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Chantada** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 16-6-2015 envíase un **EDICTO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) ca finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 2-7-2015 aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 123, páxina 27739, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **PENABOA (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO SEGUNDO: O día 7-7-2015 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 161, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 7-8-2015 recíbese un certificado do Concello de Carballedo conforme o edicto estivo exposto do 18 de xuño ao 23 de xullo.

DÉCIMO CUARTO: O día 14-9-2015 comunícaselle ao representante da comunidade de Penaboa o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) ás reunións do xurado, nas que se estude o expediente do monte **PENABOA (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO QUINTO: O día 29-9-2015 é presentada a comunicación dos vogais representantes na reunión do xurado, polo comunidade de Penaboa. Resultaron elixidos: **José Luis Gómez e Victoria Fernández.**

***DÉCIMO SEXTO**: Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, aceptando a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE PENABOA (AMPLIACION)**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: **PENABOA (AMPLIACIÓN)**
Pertenza: veciños/as do lugar de **PENABOA**
Parroquia: **FURCO**
Concello: **CARBALLEDO**
Superficie: **14,55 hectáreas**

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Estremas
Norte: parcela 97 do polígono 148 (concello de Chantada)
Leste: parcelas 35, 36, 50, 9, 8, 7, 6, 5, 11, 22 e 23 do polígono 1.
Sur: parcelas 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 do polígono 1.
Oeste: parcela 1 do polígono 1 (MVMC de Penaboa)
Enclaves: parcelas 2, 3 e 4 do polígono 1.

Tras esta ampliación, o monte queda cunha superficie total de 41,59 hectáreas

XUNTA DE GALICIA
SERVIZO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
LUGO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

589000

590000

591000

4718000

4717000

N

Rigueira

Penaboa

0 0,0375 0,075 0,15 0,225 0,3 0,375 Kilómetros

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

AMPLIACIÓN DE CLASIFICACIÓN DO MONTE DE PENABOA

Monte: **PENABOA**
Expediente: **2/81**
Pertenza: **PENABOA**
Municipio: **CARBALLEDO**
Superficiede Previa **27,04 Ha** Superficie de Resultante **41,59 HA**

Escala: 1:6.000

PLANO Nº1. SITUACION DO MONTE POSTERIOR Á AMPLIACIÓN.

O XEFE DO SERVIZO DE MONTES

RAMON ROZADILLAS VALVERDE

O xefe de Área de Montes Veciñais en Man Común
Lugo, a 18 de decembro de 2014

SANTIAGO FRAGA SÁENZ

Penaboa_Resultante

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89